

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

Festivais da fin de semana

Reggae, poesía e rock para abrir setembro

A Baña, O Grove, Mesoiro e Redondela apostan polos grupos locais, a poesía faise forte en Salvaterra e Culleredo trae clásicos xamaicanos.

Redacción - 11:25 04/09/2009

O Festival de Poesía do Condado é xa un clásico en setembro. Na súa edición número 23 volve xuntar música e poesía chegadas de Galiza, Brasil, Portugal e Cabo Verde. Cara a Xamaica pon a súa mirada o Reggae Foundation Festival de Culleredo, que explora os sons máis clásicos do xénero co grupo de Full Fullwood, un baixista da era dourada do reggae.

No Novo Mesoiro (A Coruña), A Baña, Redondela e O Grove, os festivais desta fin de semana apostan polo rock galego, e en especial polos grupos das súas comarcas. Os seguidores da música tradicional, poden seguir a ruta dos seráns polo sur de Galiza: o venres ás 22 horas hai serán nas festas dos Liñares de Canido (Vigo), e o sábado á noite no parque do Tamuxe en Pías (O Rosal) e na praza do Concello de Salceda de Caselas.

Venres 4. **Denosiñas Rock** (A Baña).

A partir das 21.30 horas na área recreativa de Agra do Chan actúan Xan Solo, Marmota Phil, Pito de Pikasso, Rockin' 13 e Kaña de Herbas.

Venres 4. **Lixo Rock** (Redondela).

Jam session de rock cos músicos da vila, os veteranos e os de novas fornadas.

Venres 4 e sábado 5. **Festival de Poesía no Condado** (Salvaterra de Miño).

Venres: Covalblu, The Turre's Band, exposicións e proxeccións audiovisuais.

Sábado: Música con Covalblu, Quempallou, Skacha, Jon Luz e Rebeliom. Poesía con Anxo Angueira, Mario Regueira, Carlos Santiago, Xabier Xil, Susana S. Aríns, J. Alberte Corral, David Pobra, Dores Tembrás, Brais González, Manolo Pipas, Alberte Momán, Filipa Leal e Óscar Mourave. Ademais, obradoiros, palestras, billarda e feira popular.

Venres 4 e sábado 5. **Mesoirock & Folk** (Novo Mesoiro, A Coruña).

Venres: Miguel Costas, Seissenseis, TST, DjTrape, Arte en Tinta, DJ Héctor Morán e DJ Pablo Ferreiro. Sábado: Riff Raff, Jacobo Paz & Dos Mundos, Tonhito de Poi con Rasa Loba, Alann-Bique e Muxarega.

Venres 4, sábado 5 e domingo 6. [**Con Negro Paraxe Festival**](#) (San Vicente do Mar, O Grove).

Venres: Mr Hide, Hell's Riders, End-Shit, The Noiser, Sky Dancer e X-Trume.

Sábado: De Buena Tinta, Buko, Almas Negras e Grove Hustlas.

Domingo: Exhibición de parkour e outras actividades.

Sábado 5. [**Foundation Reggae Festival**](#) (O Burgo, Culleredo).

Tosh Meets Marley Fully Fullwood Band, Kumpania Algazarra, Zamaramandi e Junior Tshaka.

Novas relacionadas

- [O Festival de Poesía no Condado reivindica unha alternativa](#)
- [O rock e o folk múdanse a Novo Mesoiro](#)